**DOCUMENTO ADMINISTRATIVO DE FORMALIZACIÓN DA DOAZÓN GRATUÍTA DA ESCULTURA DA VIRXE DE GUADALUPE A FAVOR DO POBO DE RIANXO, CONCELLO DE RIANXO, POLA FAMILIA BALTAR**

En Rianxo , o día 25 de setembro de 2025:

Por un lado,

- Don Julio Alcalde Hermo, 1º Tenente Alcalde do Concello de Rianxo en virtude de delegación realizada por decreto núm 1095/2025 de data 26 de setembro de 2025

Por outro,

- Don Miguel Ramón Baltar Giraud, maior de idade, de nacionalidade española e veciñanza civil galega, economista, casado, veciño de Vigo, Calle Pi y Margall 72, 3º B, 36202, Vigo, Pontevedra e D.N.I. 36065234S.
- Don Gabriel Alberto Baltar Giraud, maior de idade, de nacionalidade española e veciñanza civil galega, economista, divorciado, veciño de Vigo, Lugar da Cruz, 4ºB, 36388, Mañufe, Gondomar e D.N.I. 36108166Y.
- Don Bruno Baltar Giraud, maior de idade, de nacionalidade española e veciñanza civil Villanueva de Cañada, casado, vecino de Villanueva de la Cañada, Calle Mejico nº 13, CP 28691, con DNI 36139219D.
- Don Francisco Javier Baltar Boileve, maior de idade, de nacionalidade española e veciñanza civil galega, médico, casado, veciño de Santiago de Compostela, Calle Lagartos, Nº 44, C.P. 15701 e D.N.I. 33252134E.

- Don David Marcos Baltar Boileve, maior de idade, de nacionalidade española e veciñanza civil galega, economista, casado, veciño de Lugo, Rúa Soto Freire, Nº 7 9ºD, C.P. 27002 e D.N.I. 33300933S.

- Dona Ana María Domínguez Pereira, maior de idade, de nacionalidade española e veciñanza civil galega, viúva de don Rafael Baltar Tojo, xubilada, veciña de Santiago de Compostela, C/ General Pardiñas, N.º 10-12, 7º D, C.P. 15701, e DNI. 50261474B.

- Don Carlos Ramón Baltar Domínguez, maior de idade, de nacionalidade española e veciñanza civil galega, médico, casado, veciño de Santiago de Compostela, Paseo da Quinta, 54, 15897, e D.N.I. 33278074H.

- Don Ramón María Baltar Domínguez, maior de idade, de nacionalidade española e veciñanza civil galega, arquitecto, casado, veciño de Santiago de Compostela, Rúa Virxe da Cerca, 24, 3ºA, 15703, e D.N.I. 33278075L.

- Don Diego Joaquín Baltar Domínguez, maior de idade, de nacionalidade española e veciñanza civil madrileña, economista, casado, veciño de Majadahonda, C/ Doctor Barraquer 5, 3 A, 28220, e D.N.I. 33296326P.

- Dona Elena María Baltar Domínguez, maior de idade, de nacionalidade española e veciñanza civil madrileña, avogada, casada, veciña de Madrid, Calle Arturo Soria 144, 1C, 28043, e D.N.I. 44806531R.

- Dona Maria Asunción Martínez de la Riva de la Gándara, maior de idade, de nacionalidade española e veciñanza civil galega, pensionista, viúva, veciña de Santiago de Compostela, Calle General Pardiñas 21, piso 5 derecha, 15701 e D.N.I. 33151571S.

- Don Ángel Antonio Baltar Martínez de la Riva, maior de idade, de nacionalidade española e veciñanza civii galega, médico, casado, veciño de Santiago de Compostela, Calle Montero Riso, 11 5A, 15701 e D.N.I. 33295238R.
- Dona María Mercedes Baltar Martínez de la Riva, maior de idade, de nacionalidade española e veciñanza civil galega, economista, casada, veciña de Nigrán, Avenida de Playa América, 18, 36350 e D.N.I. 33295118L.
- Don Pablo Baltar Martínez de la Riva, maior de idade, de nacionalidade española e veciñanza civil galega, odontólogo, casado, veciño de Santiago de Compostela, Calle General Pardiñas, 10-12 7ºC, C.P. 15701 e D.N.I. 44814862Y.
- Dona Ana Pardo Vigo, maior de idade, de nacionalidade española e veciñanza civil madrileña, médico, casada, veciña de Madrid, Calle General Ampudia, Nº 16, 6º D, CP 28003, e DNI 33148939M.
- Don Francisco Javier Baltar Tojo, maior de idade, de nacionalidade española e veciñanza civil madrileña, avogado, casado, veciño de Madrid, Calle General Ampudia, Nº 16, 6ºD, C.P. 28003 e D.N.I. 33131734G.
- Dona Emma María Fernández Albor Baltar, maior de idade, de nacionalidade española e veciñanza civil galega, pensionista, solteira, veciña de Ames, Calle Casanova 16, 15895, Viduido, e D.N.I. 33277883B.
- Dona Anxela Baltar Farre, maior de idade, de nacionalidade española e veciñanza civil galega, música, casada, veciña de Oleiros (A Coruña), Rúa Beiramar 19, 4A, 15172 e D.N.I. 53301316N.

- Don Antón Baltar Farre, maior de idade, de nacionalidade española e veciñanza civil galega, comercial, casado, veciño de A Coruña, Calle Enrique Mariñas Romero Periodista, Nº 24, 3ºA, C.P. 15009 e D.N.I. 53301315B.

- Dona María Teresa Baltar Tojo, maior de idade, de nacionalidade española e veciñanza civil madrileña, Licenciada en Filosofía e Letras, divorciada, veciña de Madrid, Calle Alonso Cano, Nº 79, 5ºA, C.P. 28000 e D.N.I. 33134179B.

- Dona María De Los Angeles Baltar Tojo, maior de idade, de nacionalidade española e residente nos Estados Unidos, viúva, con domicilio a efectos de notificacións en Teo, Calle Cerdeira, Nº 14, C.P. 15894 e D.N.I. 33147024E.

- Don Jaime Miguel Baltar Tojo, maior de idade, de nacionalidade española e veciñanza civil galega, casado, veciño de Teo, Calle Cerdeira, Nº 14, C.P. 15894 e D.N.I. 33205505Z.

**COMPARECEN**

O primeiro, en representación do Concello de Rianxo (CIF P1507300J) consonte ao artigo 21.1.b da Lei de bases de réxime local.

Os segundos, no seu propio nome e representación, denominados en adiante **A FAMILIA BALTAR**.

**EXPOÑEN**

I.- A Familia Baltar é propietaria, nas porcentaxes indicadas a continuación, da Escultura ***"Virxe de Guadalupe de Tanxil"***, realizada en 1932 por Francisco Hipólito Asorey Gonzalez (Cambados 1.889 - Santiago de Compostela 1961):

| | |
|---|---|
| Emma Fernández Albor Baltar | 11,6134% |
| Javier Baltar Bolieve | 5,8067% |
| David Baltar Bolieve | 5,8067% |
| Ana Domínguez | 5,5218% |
| Carlos Baltar Domínguez | 1,5229% |
| Ramón Baltar Domínguez | 1,5229% |
| Diego Baltar Domínguez | 1,5229% |
| Elena Baltar Domínguez | 1,5229% |
| Mª Asunción de la Riva | 7,5845% |
| Ángel Baltar de la Riva | 1,9840% |
| Pablo Baltar de la Riva | 1,9840% |
| María Baltar de la Riva | 1,9840% |
| Miguel Baltar Giraud | 3,8711% |
| Gabriel Baltar Giraud | 3,8711% |
| Bruno Baltar Giraud | 3,8711% |
| Teresa Baltar Tojo | 11,6134% |
| Javier Baltar Tojo | 10,9640% |
| Ana Pardo Vigo | 4,8452% |
| Antón Baltar Farre | 2,0979% |
| Anxela Baltar Farre | 2,0979% |
| Ángeles Baltar Tojo | 4,1958% |
| Jaime Baltar Tojo | 4,1958% |

Asorey, considerado por moitos como un dos renovadores da escultura galega e española do século XX, foi nomeado académico de honra da Real Academia

Galega no ano 1957. Aínda que os matices das súas obras foron evolucionando co paso do tempo, a grandes trazos, o estilo de Asorey sempre foi recoñecido polo uso de fórmulas realistas, con claras influencias do barroco castelán e da escultura popular galega.

A relación da familia Baltar con Rianxo é moi antiga. Don Ángel Baltar Cortés (Padrón, 1868 – Santiago de Compostela, 1934), ademais de ser un gran cirurxián, tamén era un home moi xeneroso, ao que os historiadores locais Xesús Santos e Xosé Comoxo cualifican como *"anxo da garda da vila rianxeira"* no seu libro Biografía de Arcos Moldes (Rianxo: apuntes dunha vila mariñeira 1865-1944).

Nesta obra podemos ver como Baltar constrúe o seu pazo en Rianxo no ano 1913 e como axuda economicamente unha e outra vez ao Concello. Así, achega cartos para *"a instalación dun novo alumeado público na vila: o eléctrico"*. Pero tamén destaca polo seu comportamento como médico cos veciños durante a gripe de 1918, e mesmo acompaña ao alcalde a visitar o Gobernador Civil e o Presidente da Deputación para solicitar axudas para distintas actuacións e obras na localidade.

Por todo isto será nomeado fillo adoptivo (1925) e tamén fillo predilecto (1927) de Rianxo. Volverá prestar cartos do seu peto para que se repare parte do camiño a Tanxil, estragado polas chuvias do inverno de 1927.

Don Ángel Baltar Cortés encargoulle a peza en 1929 ao artista cambadés, quen esculpiu en granito unha imaxe de 3,20 metros de altura e unhas tres toneladas de peso. A obra colocouse en 1932 sobre un pedestal no alto do cantil de Tanxil, na finca propiedade da familia Baltar.



A Virxe de Guadalupe foi historicamente obxecto de veneración entre os rianxeiros, que con motivo da súa festividade a sacan en procesión polo mar. A familia Baltar, fondamente arraigada en Rianxo, tamén foi protagonista desta veneración e das súas procesións, como amosa a famosa canción popular, convertida hoxe en himno universal de Galicia: *"A Rianxeira"*.

Esta canción foi composta no ano 1947 na cidade de Bos Aires (Arxentina) por Anxo Romero Loxo, galego nacido en Rianxo, emigrado con 24 anos e cun papel moi activo na comunidade galega da capital arxentina. Cóntase que nunha reunión no local da Sociedade de Rianxo, Anxo Romero propúxolle a Xesús Frieiro Dourado, alcumado Pinciñas, fillo de galegos e con moita capacidade para escribir letras de cancións, preparar unha peza para recibir a Castelao no porto á súa chegada a Bos Aires.

Todos os presentes tiñan claro que esta canción debía referirse a Rianxo, vila natal do ilustre nacionalista. Ademais, a patroa de Rianxo, a Virxe de Guadalupe, sería o tema central da letra. Así pois, investigaron nas cantigas populares da zona e estiveron durante semanas compoñendo a canción, até que finalmente a interpretaron por primeira vez no recibimento a Castelao no ano 1947, aínda que xa fora estreada dous anos antes polo Coro Castelao de Bos Aires.

*Moito me gustas rianxeira*
*que estás eiquí na Arxentina*
*verche cantar e bailare*
*coma alá na terra miña.*

*Ondiñas veñen, ondiñas veñen*
*ondiñas veñen e van*
*non te embarques Rianxeira*
*que te vas a marear.*

*Qué guapa estabas, rapaza*
*cando te vin na Ribeira*
*tíña-la cara morena*
*coma a Virxe Rianxeira.*

*Ondiñas veñen, ondiñas veñen*
*ondiñas veñen e van*
*non te embarques Rianxeira*
*que te vas a marear.*

*A Virxe de Guadalupe*
*vai no iate de Baltar e*
*lévana os rianxeiros*
*a remolque polo mare.*

*Ondiñas veñen, ondiñas veñen*
*ondiñas veñen e van*
*non te embarques Rianxeira*
*que te vas a marear.*

No ano 2005, debido ao risco de desprendemento do cantil sobre o que se atopaba a estatua, provocado polos traballos realizados sobre o dique da familia, os herdeiros do cirurxián decidiron retirala ante o perigo que corría polos constantes desprendementos que se producían nese cantil.



SITUACIÓN POSESORIA.- Manifesta a parte transmitinte que a estatua se atopa libre de cargas.

II.- A FAMILIA BALTAR acordou a doazón gratuíta da escultura en beneficio do pobo de Rianxo e da súa tradición cultural.

III.- O Concello acorda a aceptación da cesión a título gratuíto realizada pola FAMILIA BALTAR do ben descrito, comprometéndose a que sexa destinada á exhibición pública no lugar onde orixinalmente se atopaba, de ser técnica e legalmente posible, previo acordo con quen resulte titular da propiedade no momento no que se leve a cabo a actuación. Considerando o compromiso de que o ben pasará deste xeito a integrarse no patrimonio cultural municipal, convertendose en ben de propiedade municipal, para a súa conservación e xestión por parte do Concello de Rianxo no marco da defensa do patrimonio cultural.

IV.- Normativa:

Os artigos 271 e 273 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Os artigos 9, 10 e 12 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño.

A Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se trasporien ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

IV.- Tendo en conta o anterior, ambas partes,

**OUTORGAN**

I.- A FAMILIA BALTAR doa a escultura ***"Virxe de Guadalupe de Tanxil"*** descrita no expositivo I anterior, ao Concello de Rianxo, aquí representado polo seu Alcalde-Presidente quen acepta a cesión a título gratuíto nos termos adoptados no acordo de cesión e se compromete a que sexa destinada á exhibición pública no lugar onde orixinalmente se atopaba.

II.- O Ben escultura Virxe de Guadalupe entregarase ao Concello na ubicación que indicará FAMILIA BALTAR no momento da firma deste documento. O risco de perda ou dano da escultura transmitirase da Familia Baltar ao Concello no momento de firma deste documento.

III.- O Concello asume os custos de transporte desde o seu emprazamento actual (lugar de entrega) e os traballos de limpeza e restauración que sexan necesarios, así como os posteriores custos de instalación e mantemento da escultura.

IV.- O Concello asume o compromiso -de ser posible técnica e xuridicamente- de instalar a escultura na súa localización orixinal no miradoiro da praia de Tanxil, previa obtención das autorizacións sectoriais que sexan necesarias así como da autorización do titular da parcela onde estivo orixinariamente emprazada. De resultar imposible esa localización buscarase outra localización axeitada dentro do municipio para o desfrute do pobo de Rianxo de acordo con a FAMILIA BALTAR.

V.- Estímase que o valor da escultura está próximo aos 150.000 €, segundo informe emitido pola Real Academia Galega de Belas Artes en data 30/07/2025.

VI.- O Concello comprométese á instalación dunha placa conmemorativa na que se recolla a doazón realizada pola FAMILIA BALTAR a favor do pobo de Rianxo e a data da entrega da escultura, así como a realizar con ocasión da presente doazón un acto institucional público onde será convidada a FAMILIA BALTAR e todo o pobo de Rianxo.

VII.- O Concello procederá á inscrición do ben no Libro Inventario de Bens do Concello.

O 1º tenente Alcalde do Concello de Rianxo( Delegación RA num 1095/2025)

J Julio Alcalde Hermo

Os membros da comunidade de herdeiros.

| | |
|---|---|
| Don Miguel Ramón Baltar Giraud | Don Gabriel Alberto Baltar Giraud |
| Don Bruno Baltar Giraud<br>P.p. Miguel Ramón Baltar Giraud | Don Francisco Javier Baltar Boileve |
| Don David Marcos Baltar Boileve | Dona Ana María Domínguez Pereira |

Don Carlos Ramón Baltar Domínguez

Don Ramón María Baltar Domínguez

Don Diego Joaquín Baltar Domínguez
P.p. Ana María Domínguez Pereira

Dona Elena María Baltar Domínguez
P.p. Ana María Domínguez Pereira

Dona Maria Asunción Martínez de la Riva de la Gándara
P.p. María Baltar Martínez de la Riva

Don Ángel Antonio Baltar Martínez de la Riva

Dona María Mercedes Baltar Martínez de la Riva

Don Pablo Baltar Martínez de la Riva

Dona Ana Pardo Vigo

Don Francisco Javier Baltar Tojo
ESTHER BALTAR PARDO P.P.

Dona Emma María Fernández Albor Baltar

Dona Anxela Baltar Farre

Don Antón Baltar Farre

Dona María Teresa Baltar Tojo
P.p. Jaime Miguel Baltar Tojo

Dona María De Los Angeles Baltar Tojo
P.p. Jaime Miguel Baltar Tojo

Don Jaime Miguel Baltar Tojo